

Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**  
**SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL**

**Convenios colectivos**

*CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA CAR CONSULTING SPAIN S.L.*

*Código de Convenio número 36004512012009*

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do convenio colectivo da empresa CAR CONSULTING SPAIN SL. para o período 2016-2021, con domicilio na provincia de Pontevedra, subscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa e da parte social polos delegados de persoal elixidos, que pertence á candidatura da Central sindical CCOO, en data 26 de febreiro do 2020.

*Primeiro.-* Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 25 de maio do 2020.

*Segundo.-* Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.-* Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orde ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

*Segundo.-* Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

*Terceiro.-* Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

*A C O R D A:*

*Primeiro.-* Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

*Segundo.-* Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en galego e en castelán.

*Terceiro.-* Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 23/03/2021.—A Xefa Territorial

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: EOC4RHZKILX3RXTZ



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

**CONVENIO CAR CONSULTING SPAIN, S.L.***Artigo 1 º.ÁMBITO DE APLICACIÓN*

O presente Convenio afecta á Empresa Car Consulting Spain S.L., no centro de traballo que dita Empresa ten na localidade de vigo, a xestión e administración de valores representativos do patrimonio de todo tipo de entidades a través da correspondente organización de medios materiais e persoais entendendo por esta última a que cobre a planificación, a organización, a xestión, a supervisión e a realización das actividades do transporte de mercadorías na cadea de subministración.

*Artigo 2 º.DURACIÓN E VIXENCIA*

O presente Convenio terá unha duración de seis anos dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2021, e os efectos económicos entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2020 y su aplicación será dende o día da sua firma.

A denuncia do presente Convenio Colectivo será automática e as partes comprométense a constituír a Comisión Negociadora durante o último trimestre do ano 2021. E quedara prorrogado na sua integridade mentras non sexa substituído por outro do mesmo ámbito.

*Artigo 3 º.ÁMBITO PERSOAL*

As presentes normas obrigan á totalidade do persoal contratado pola Empresa no centro de traballo da localidade de Vigo.

*Artigo 4 º.SUBROGACIÓN*

Primeiro.Ao termo da concesión do contrato que a Empresa ten concertado con Gefco Francia e Gefco España S.A., os/as traballadores/as da Empresa saínte, pasaran a estar adscritos nova titular do contrato, que se subrogará en todos os dereitos e obrigacións, sempre que se dea algún dos seguintes supostos:

a) Traballadores/as en activo que presten os seus servizos no centro, ou centros, de traballo que a Empresa ten na localidade de Vigo cunha antigüidade mínima dos catro últimos meses, sexa cal fora a modalidade do seu contrato de traballo.

b) Traballadores/as que no momento do cambio de titularidade do contrato, se atopen enfermos, en excedencia, así como traballadores/as acollidos á xubilación parcial e traballadores/as con contrato de substitución ou outra situación análoga, a condición de que presten os seus servizos no centro obxecto de subrogación con anterioridade á supresión do seu contrato de traballo e que reúnan a antigüidade mínima establecida no apartado a)

c) Traballadores/as que con contrato de interinidade, substitúan a algún dos/as traballadores/as mencionados no apartado anterior.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

d) Traballadores/as de novo ingreso que por esixencias do cliente se incorporaron ao centro como consecuencia da ampliación de contrato, dentro dos catro últimos meses.

e) O persoal incorporado pola anterior titular aos centros de traballo da Empresa na localidade de Vigo dentro dos catro meses, seguirán pertencendo á devandita Empresa e non se producirá a subrogación citada.

Segundo. Todos os supostos anteriormente contemplados, deberán acreditarse fidedigna e documentalmente pola Empresa saínte á entrante, mediante os documentos que se detallan ao final deste artigo, con polo menos tres días de antelación ao comezo do servizo por parte do entrante ou no prazo de tres días contados desde o momento en que a Empresa entrante comunique fidedignamente á saínte ser a nova adxudicataria do servizo. De non existir as citadas comunicacións fidedignas por parte da Empresa entrante, automaticamente e sen mais formalidades, subrogarase en todo o persoal que presta os seus servizos no centro de traballo nos cales comece a prestar servizos.

En calquera caso, o contrato de traballo entre a Empresa saínte e os/as traballadores/as só se extingue no momento en que se produza o dereito á subrogación do mesmo á nova adxudicataria.

Terceiro. A aplicación deste artigo, será de obrigado cumprimento ás partes que vincula, Empresa cesante, nova adxudicataria e traballador/a. Non desaparece o carácter vinculante deste artigo no caso de que a Empresa adxudicataria do servizo suspendese o mesmo por un período inferior a dous meses; o devandito persoal con todos os seus dereitos adscribirase á nova Empresa.

Documentos a facilitar pola Empresa saínte á Empresa entrante:

Certificado do organismo competente de estar ao corrente no pago da Seguridade Social.

Fotocopia das catro últimas nóminas mensuais dos/as traballadores/as afectados/as.

Fotocopia do último contrato de traballo e as súas prórrogas, no caso de existir.

Fotocopias dos últimos TC 1 e TC 2 de cotización á Seguridade Social dos catro últimos meses.

Relación de persoal na que se especifique nome e apelidos, domicilio, número de afiliación á Seguridade Social, antigüidade, xornada, horario, modalidade da súa contratación e data de goce das súas vacacións.

Copia de documentos debidamente dilixenciados por cada traballador/a afectado/a no que se faga constar que este/a recibiu da Empresa saínte a súa liquidación de partes proporcionais dos seus haberes ata o momento da subrogación, non quedando pendente cantidade ningunha.

Este documento deberá estar en poder da nova adxudicataria na data de inicio do servizo como nova titular.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

*Artigo 5 º.SOLDOS E SALARIOS*

Para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019 o incremento será do 0%, no ano 2020 e 2021 o incremento salarial será o reflexado nas tablas anexas e se aplicará a partir do 1 de xaneiro do 2020.

Os salarios actuais dos/as traballadores/as non se verán diminuídos pola aplicación deste Convenio, actualizándose os salarios base de cada categoría, e aboándose todos os demais conceptos salariais recollidos neste Convenio, e de resultar superior o actualmente percibido, esa diferenza será aboada en concepto de complemento persoal, e sen que teñan dereito a dito complemento outros/as traballadores/as aínda que fosen da mesma categoría ou realizasen as mesmas funcións.

*Artigo 6 º.ANTIGÜIDADE*

A promoción económica en función do traballo desenvolto, que se cobrará desde o día 1 do mes natural seguinte ao seu vencemento, queda fixada nun 5% do salario base aos cinco anos, nun 10% aos dez anos, nun 15% aos quince anos, e nun 20% aos vinte ou máis anos de servizos computables.

Ao persoal que viñese percibindo importes polo concepto de antigüidade, calquera que fose a súa denominación, en contía superior á que resulte do novo sistema establecido no parágrafo anterior, respectaráselle a título persoal, mentres lle resulte máis favorable.

*Artigo 7 º.PLUSES SALARIAIS*

Establécense os seguintes pluses salariais:

*Plus Convenio*

El Plus convenio será de 4 euros por día efectivo de traballo computándose o período de vacacións como tempo efectivo de traballo a efecto de cobro do dito plus.

Dito plus será compensable e absorbible cos complementos persoais, melloras ou calquera outro pago que estea realizando a Empresa, á marxe dos outros conceptos salariais que veñan recollidos neste Convenio.

*Artigo 8 º.GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS*

As gratificacións extraordinarias do ano aboaranse na contía de unha mensualidade do salario base da táboa salarial anexa, máis a antigüidade, se é o caso. Denominaranse 25 de Xullo, Nadal e Marzo, e faranse efectivas antes do 22 de xullo, 22 de decembro e 15 de marzo, respectivamente. A Empresa ven aboando estas gratificacións extraordinarias de forma rateada.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

*Artigo 9 .<sup>o</sup>RECIBO DE SALARIO*

A liquidación e o pagamento do salario faranse mensualmente e por períodos vencidos, dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes, agás pacto contrario.

*Artigo 10 .<sup>o</sup>NON DISCRIMINACIÓN*

De conformidade co establecido no Artigo 14 da Constitución, Artigo 4<sup>o</sup>.2 c) do E.TT, os/as traballadores/as terán dereito a non ser discriminados/as por razón de sexo, orixe, estado civil, raza, condición social, ideas relixiosas ou políticas, afiliación ou non a un sindicato, así como tampouco por razón de lingua.

*Artigo 11 .<sup>o</sup>XORNADA LABORAL*

A xornada ordinaria de traballo será de 8 horas diarias e 40 horas semanais efectivas para todo o persoal, de acordo co Estatuto dos Traballadores.

A xornada anual ordinaria será de 1.784 horas de traballo efectivo.

*Artigo 12 .<sup>o</sup>VACACIONS*

O período anual de vacacións será de 30 días naturais, que se gozarán en un ou dous períodos.

En caso de fraccionamento os/as traballadores/as terán dereito a un día máis de vacacións en un dos períodos.

As datas das vacacións acordaranse entre empresario/a e traballadores/as, e non poderán iniciarse nin en Domingo nin tampouco en día festivo.

*Artigo 13 .<sup>o</sup>TRABALLOS NOCTURNOS*

As horas traballadas durante o período comprendido entre as dez da noite e as seis da mañá terán unha retribución específica incrementada nun 25% sobre o salario base.

*Artigo 14 .<sup>o</sup>HORAS EXTRAS*

Terán a consideración de horas extraordinarias as horas de traballo que excedan da xornada ordinaria fixada no presente Convenio.

O valor da hora extra incrementarase nun setenta e cinco por cento sobre o valor da hora ordinaria de traballo do salario base máis a antigüidade, se é o caso.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

*Artigo 15º. AXUDAS DE CUSTO*

Cando os/as traballadores/as afectados/as por este Convenio non dispoñan, como mínimo, dunha hora libre para xantar entre as 13.00 hrs., a as 16.00 hrs., e doutra hora libre para cear entre as 22.30 hrs., e as 23.30 hrs., devengarán unha dieta de xantar ou de cea, dependendo do caso, de 11,00 euros.

*Artigo 16 º. ASCENSOS*

O/a traballador/a cunha antigüidade de tres anos na categoría de Oficial controlador-condutor de Terceira, ascenderá automaticamente á categoría inmediatamente superior. E o/a traballador/a cunha antigüidade de seis anos na categoría de Oficial controlador-condutor de Segunda e/ou de Auxiliar Administrativo/a ascenderá á categoría inmediatamente superior.

*Artigo 17 º. LICENZAS E PERMISOS*

O/A traballador/a, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algúns dos motivos e polo tempo seguinte:

- a) Quince días naturais en caso de casamento.
- b) Tres días en caso de nacemento de fillos/as, enfermidade grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, o/a traballador/a necesite facer un desprazamento fóra da provincia para tal efecto, o prazo será de cinco días. Esta licenza, no caso de enfermidade grave, poderá collerse en calquera momento no que o familiar do/a traballador/a se atope nesa situación. Por outra parte, o traballador/a terá dereito a esta licenza, no caso de enfermidade ou falecemento da súa parella de feito recoñecida legalmente.
- c) Dous días por traslado do domicilio habitual.
- e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos establecidos legal ou convencionalmente.
- f) Dous días no caso de divorcio ou separación da parella de feito recoñecida legalmente.
- g) Un día por falecemento de parentes de 3º grao de consanguinidade e afinidade.
- h) Dous días de libre disposición ao ano.
- i) Polo tempo necesario nos casos de asistencia a consulta médica de especialistas da Seguridade Social cando coincidindo o horario de consulta co horario de traballo se prescriba a devandita consulta polo/a facultativo/a de medicina xeral, debendo presentar previamente o/a traballador/a o/a empresario/a o volante xustificativo da referida prescripción médica. Nos demais casos ata o límite de dezaseis horas o ano.
- j) Ocho horas en casos de consulta médica ou acompañamento non habitual de familiar de primeiro grao ou persoa coa que conviva.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

*Artigo 18 <sup>a</sup>.ACCIDENTE DE TRABALLO E ENFERMIDADE*

Durante as situacións de incapacidade laboral transitoria derivadas de accidente de traballo, as Empresas completarán, a prestación económica aboada pola Seguridade Social, ata o 100% da base reguladora da mesma.

Por outra parte, nas situacións de incapacidade laboral transitoria derivadas de enfermidade común se aboara o 75% da base reguladora dende o cuarto día, en caso de hospitalización, as Empresas completarán durante a hospitalización, a prestación económica da Seguridade Social ata o 100% da base reguladora da mesma.

*Artigo 19 <sup>a</sup>.EXCEDENCIAS*

A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa. A forzosa, que dará dereito á conservación do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, concederáse pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público.

Así mesmo, poderán solicitar o seu paso á situación de excedencia forzosa na Empresa, os/as traballadores/as que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior mentres dure o exercicio do seu cargo representativo.

*Artigo 20 <sup>a</sup>.CONTRATOS EVENTUAIS*

Poderá contratarse persoal ao amparo do disposto no artigo 15 do ETT. e demais disposicións de aplicación.

*Artigo 21 <sup>a</sup>.EXTINCIÓN DO CONTRATO*

O contrato de traballo extinguirase polas causas establecidas polo Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

No que atinxe á extinción do contrato, o/a empresario/a deberá notificar a denuncia do contrato con antelación á súa finalización. Se a súa duración é superior a seis meses e ata un ano, a denuncia deberá cursarse cunha antelación mínima de 8 días. Se a duración é superior a un ano, a denuncia deberá cursarse cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento polo/a empresario/a do prazo anterior dará lugar a unha indemnización equivalente aos días en que o dito prazo se incumprise.

Nos supostos de dimisión ou cesamento por vontade do/a traballador/a, este/a terá dereito a rescindir o seu contrato de traballo, sen que teña a obriga de alegar as causas da súa determinación.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

Para iso, o persoal comunicará á Dirección da Empresa a data do seu cesamento cunha antelación, mínima, de 15 días, excepto para o persoal non cualificado para o que o preaviso será de 8 días.

Cando o/a traballador/a pretenda a rescisión do contrato, deberá seguir prestando servizos en tanto non transcorran os prazos sinalados no presente artigo.

O abandono do posto de traballo, sen que transcorresen os prazos sinalados, será penalizado cunha sanción económica equivalente ao salario base dos días que falten desde o abandono do servizo ata a data en que, cumprido o trámite previsto, lle correspondese o cesamento.

#### *Artigo 22 <sup>o</sup>.UNIFORMES*

A Empresa dotara a todos os/as traballadores/as de Dous uniformes completos de traballo (camiseta, pantalón, sudadera), o ano. Cando as prendas se deteriorenen anticipadamente polo uso, estas serán substituídas por outras a maior brevidade posible.

#### *Artigo 23 <sup>o</sup>.PRENDAS DE TRABALLO*

A Empresa dotara ao persoal de taller do calzado axeitado para o desempeño do seu traballo.

#### *Artigo 24 <sup>o</sup>.ACUMULACIÓN DE HORAS SINDICAIS*

Os/as delegados/as de persoal ou membros do Comité de Empresa poderán acumular de xeito individual as horas sindicais que legalmente lles correspondan.

#### *Artigo 25 <sup>o</sup>.TABOLEIROS DE ANUNCIOS*

De acordo co Artigo 81 do E.T., a Empresa, sempre que as súas características o permita, porá a disposición dos Delegados/as de Persoal un taboleiro de anuncios que terá como finalidade informar aos/as traballadores/as dos asuntos laborais que sexan de interese para o persoal.

#### *Artigo 26 <sup>o</sup>.PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS*

A Empresa e a representación dos traballadores/as na mesma, comprométense a cumprir a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

#### *Artigo 27 <sup>o</sup>.SEGURO DE ACCIDENTE LABORAL*

A Empresa contratará, totalmente ao seu cargo, un Seguro Colectivo a favor dos seus traballadores e traballadoras de 30.000 euros para o ano 2020 e 2021, de xeito e forma que en caso de falecemento ou invalidez permanente total, absoluta ou gran invalidez, por accidente laboral ao servizo da Empresa, a cantidade citada sexa cobrada polos seus herdeiros/as legais ou propio traballador, no seu caso.





Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

Este seguro non constitúe unha substitución das obrigas da Empresa en materia de Seguridade Social, senón un complemento das mesmas.

#### *Artigo 28 .<sup>o</sup>XUBILACIÓN PARCIAL E CONTRATO DE RELEVO*

A Empresa reconece e facilita coa sinatura do presente Convenio o dereito dos/as traballadores/as a acollerse a xubilación parcial na modalidade de contrato de relevo segundo o establecido na Lei.

Mentres a lexislación laboral o permita, a Empresa aceptará a solicitude de xubilación parcial dos/as traballadores/as que, cumprindo os requisitos legais para iso, manifesten por escrito a súa vontade de acceder á mesma.

#### *Artigo 29 .<sup>o</sup>COMISIÓN PARITARIA*

Establécese unha Comisión Paritaria composta por un máximo de seis membros, designados por metade por cada unha das partes, empresarial e social, asinantes do Convenio colectivo.

As partes poderán utilizar os servizos de asesores, designándoos libremente e á súa costa, os cales terán voz pero non voto.

Os acordos da Comisión Paritaria adoptaranse, en todo caso, por maioría de ambas as representacións e terán a mesma eficacia e rango que a norma que fose interpretada.

A Comisión reunirse cando fose requirida por algunha das partes.

A Comisión Paritaria terá as seguintes funcións:

- Interpretación da totalidade dos preceptos do mesmo.
- Realizar cantas interpretacións sexan necesarias ante os cambios lexislativos ou normativos que afecten ao articulado do presente convenio e, no seu caso, remitirá o seu informe á Comisión Negociadora que deberá constituírse expresamente para tal efecto.
- Cantas outras funcións deriven expresamente ou ás que se faga especial referencia no articulado do presente convenio.

As partes asinantes do presente texto poñerán en coñecemento da Comisión Paritaria cantas dúbidas, discrepancias e conflitos colectivos, de carácter xeral, puidesen formularse en relación coa interpretación e aplicación do mesmo.

Establécese que cuestións propias da competencia da Comisión e que se promovan ante ela, adoptarán a forma escrita. A Comisión, unha vez recibido o escrito-proposta e, no seu caso, completada a información pertinente, dispoñerá dun prazo non superior a quince días naturais para resolver a cuestión formulada ou, se iso non fose posible, emitir o oportuno ditame ou informe, segundo proceda. Transcorrido devandito prazo sen emitirse a resolución nin ditame, quedará aberta a vía administrativa ou xurisdiccional competente.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

As partes asinantes asumen o contido do acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución e conflitos AGA.

### *Artigo 30 <sup>a</sup>.FORMACIÓN*

De acordo coa Empresa nas datas e horarios mais axeitados, os/as traballadores/as disporán do tempo necesario para facer os cursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións dentro da Empresa.

### *Artigo 31 <sup>a</sup>.INDIVISIBILIDADE*

As condicións pactadas neste Convenio forman un todo orgánico e indivisible e, a efectos da súa aplicación práctica, considerado na súa totalidade.

### *Artigo 32 <sup>a</sup>.IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E NON DISCRIMINACIÓN*

As partes, concienciadas en avanzar na igualdade entre homes e mulleres, acordan levar adiante actuacións en materia de:

Promoción da aplicación da Lei en materia de igualdade de oportunidades.

Prevenición, erradicación e averiguación de calquera discriminación neste aspecto.

Promover liñas de actuación neste ámbito.

### *Artigo 33 <sup>a</sup>.PROTECCIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO*

As partes, comprométense na aplicación da Lei Orgánica do 1/2004 do 28 de decembro.

### *Artigo 34 <sup>a</sup>.RÉXIMEN DISCIPLINARIO*

Son faltas as accións ou omisións dos/as traballadores/as cometidas con ocasión do seu traballo, en conexión con este ou derivadas do mesmo, que supoñan infracción das obrigas de todo tipo que o/a traballador/a lle veñan impostas polo ordenamento xurídico, polos Convenios Colectivos e demais normas e pactos, individuais ou colectivos, clasificándose en leves, graves e moi graves.

#### *A) SON FALTAS LEVES:*

1. Tres faltas de puntualidade no traballo, sen a debida xustificación, cometidas nun período dun mes.

2. Non notificar por calquera medio con carácter previo a ausencia, podendo facelo, a imposibilidade de acudir ao traballo e a súa causa.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

3. O abandono do traballo dentro da xornada, sen causa xustificada aínda que sexa por breve tempo.

4. Descoidos ou negligencias na conservación do material.

5. A falta de respecto e consideración de carácter leve ao persoal da Empresa e ao público, incluíndo entre elas as faltas de aseo e limpeza persoal.

6. A non utilización do vestiario e equipo entregado pola Empresa con instrucións da súa utilización.

7. Faltar ao traballo un día, sen causa xustificada, no período dun mes.

*B) SON FALTAS GRAVES:*

1. Máis de tres faltas non xustificadas de puntualidade na asistencia ao traballo.

2. Faltar dous días ao traballo, durante un mes, sen causa xustificada.

3. Entregarse a xogos, calquera que sexan, dentro da xornada de traballo se afectara á prestación do servizo.

4. A desobediencia ás ordes e instrucións do empresario en calquera materia de traballo, incluído o control de asistencia, así como non cumprir cos tramites administrativos que sexan presuposto ou consecuencia da actividade a desenvolver polo/a traballador/a.

5. A alegación de causas falsas para a obtención de licenzas.

6. A reiterada negligencia ou desidia no traballo que afecte á boa marcha do mesmo.

7. As imprudencias ou negligencias en acto de servizo. Cualifícase de imprudencia en acto de servizo o non uso das prendas e equipos de seguridade de carácter obrigatorio.

8. Realizar sen permiso traballos particulares durante a xornada, así como o emprego para usos propios do material da Empresa.

9. As faltas de respecto e consideración aos que traballan na Empresa, aos usuarios e ao público, que constitúan infracción dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.

10. O abuso de autoridade con ocasión do traballo, considerándose tal a comisión dun feito arbitrario sempre que concorran infracción manifesta e deliberada dun precepto legal e prexuízo notorio para un inferior.

11. As expresadas nos apartados 2. 3. 4, e 7 do apartado de faltas leves, sempre que:

A falta de notificación con carácter previo á ausencia (nº 2), o abandono do traballo, sen causa xustificada, dentro da xornada (nº 3), ou a falta ao traballo sen causa xustificada, (nº 7), sexan motivo de retraso na prestación de servizo ao cliente ou interfiran dalgunha forma o normal desenvolvemento da actividade, e que dos descoidos e negligencias na conservación do material (nº 4), se deriven prexuízos para a Empresa.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

12. A reiteración ou reincidencia na comisión de faltas leves (excluída a de puntualidade), aínda que sexa de distinta natureza, dentro dun trimestre e mediando sanción que non sexa a de amoestación verbal, e calquera outra de natureza análoga as precedentes.

13. A continuada e habitual falta de aseo e limpeza, de tal maneira, que produzan queixas xustificadas dos/as compañeiros/as de traballo.

*C) SON FALTAS MOI GRAVES:*

1. Máis de dez faltas non xustificadas de puntualidade cometidas nun período de seis meses, ou vinte durante un ano.

2. As faltas inxustificadas o traballo durante tres días consecutivos ou cinco alternos nun período de seis meses, ou dez días alternos durante un ano.

3. A indisciplina ou desobediencia no traballo. Cualificarase en todo caso como falta moi grave cando implique quebranto da disciplina ou dela derivase prexuízo para a Empresa ou compañeiros/as de traballo.

4. As ofensas verbais ou físicas ao empresario ou ás persoas que traballan na Empresa ou aos familiares que convivan con elas.

5. A transgresión da boa fe contractual, así como o abuso de confianza no desempeño do traballo, considerándose como tales o fraude ou a deslealdade nas xestións encomendadas; o furto ou roubo, tanto aos seus compañeiros/as de traballo como á Empresa ou a calquera persoa, realizado dentro das dependencias ou vehículos da mesma ou en calquera lugar se é en acto de servizo; violar o segredo da correspondencia ou revelar a estraños datos que se coñezan por razón do traballo.

6. A diminución continuada e voluntaria no rendemento do traballo normal ou pactado.

7. A embriaguez habitual ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.

8. O abandono inxustificado do traballo, aínda que sexa por breve tempo, se fose causa de accidente.

9. A imprudencia ou negligencia en acto de servizo se implicase risco de accidente ou perigo de avaría para a maquinaria, vehículo ou instalacións.

10. A reincidencia en faltas graves, aínda que sexan de distinta natureza, sempre que se cometan dentro dun trimestre e foran sancionadas, e calquera outra de natureza análoga as precedentes.

Non se considerará inxustificada a ausencia ao traballo por privación de liberdade do/a traballador/a, se este/a fose posteriormente absolto/a dos cargos que deran lugar a súa detención.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

d) As sancións que poderán imponse pola comisión das faltas disciplinarias serán as seguintes:

Polas faltas leves: Amoestación verbal ou por escrito; suspensión de emprego e soldo de ata dous días.

Polas faltas graves: Suspensión de emprego e soldo de tres a quince días; postergación para o ascenso ata tres anos.

Polas faltas moi graves: Suspensión de emprego e soldo de dezaseis a corenta e cinco días, inhabilitación definitiva para o ascenso.

e) As faltas dos/as traballadores/as **PRESCRIBEN**: Aos dez días hábiles as leves, aos vinte días hábiles as graves e aos sesenta días hábiles as moi graves, contados a partir da data na que a Empresa tivo coñecemento da comisión da falta e, en calquera caso, os seis meses de terse cometido.

#### *Artigo 35 <sup>a</sup>.LEXISLACIÓN SUBSIDIARIA*

En todo o non expresamente previsto neste Convenio estarase ao disposto nas disposicións legais vixentes, así como Regulamentos da C.E.E. e ETT.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

##### *D.A.1<sup>a</sup>.- RECOÑECIMIENTO MÉDICO*

As Empresas proporcionarán ao persoal afectado por este Convenio unha revisión médica anual, que poderá facerse mediante os servizos correspondentes das Mutuas de Accidentes de Traballo, ou na forma que considere máis idónea. As revisións médicas faranse preferentemente en horario de traballo, no caso de non ser posible a Empresa compensará o persoal con tempo libre as horas dedicadas a estas revisións.

##### *D.A.2<sup>a</sup>.- PARTES ASINANTES*

As partes asinantes do presente Convenio son as seguintes:

Os representantes da empresa, os/as delegados/as de persoal e os representantes da Central Sindical CC.OO.



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

**ANEXO I. TÁBOA DE SALARIOS**

GRUPO I	2016	2017
Persoal Superior e Técnicos		
I Xefe de Servicios	1.580 €/mes	1.580 €/mes
II Enxeñeiros/as e Licenciados/as	1.460 €/mes	1.460 €/mes
II Peritos e Enxeñeiros/as Técnicos	1.360 €/mes	1.360 €/mes
III Diplomados/as e Graduados/as Sociais	1.360 €/mes	1.360 €/mes
GRUPO II		
Persoal Administrativo		
I Xefe/a Administración	1.260 €/mes	1.260 €/mes
II Administrativo/a	1.130 €/mes	1.130 €/mes
III Auxiliar Administrativo/a	1.080 €/mes	1.080 €/mes
GRUPO III		
Persoal de Taller		
I Xefe/a de Trafico	1.260 €/mes	1.260 €/mes
II Xefe/a de Equipo-Quenda	1.260 €/mes	1.260 €/mes
III Controlador-Conductor/a de 1ª	1.080 €/mes	1.080 €/mes
IV Controlador-Conductor/a de 2ª	1.130 €/mes	1.130 €/mes
V Controlador-Conductor/a de 3ª	1.080 €/mes	1.080 €/mes
VI Estacionador de Vehículos	865 €/mes	865 €/mes

GRUPO I	2018	2019
Persoal Superior e Técnicos		
I Xefe de Servicios	1.580 €/mes	1.580 €/mes
II Enxeñeiros/as e Licenciados/as	1.460 €/mes	1.460 €/mes
II Peritos e Enxeñeiros/as Técnicos	1.360 €/mes	1.360 €/mes
III Diplomados/as e Graduados/as Sociais	1.360 €/mes	1.360 €/mes
GRUPO II		
Persoal Administrativo		
I Xefe/a Administración	1.260 €/mes	1.260 €/mes

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: E0C4RHZKILX3RXT2

Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

II Administrativo/a	1.130 €/mes	1.130 €/mes
III Auxiliar Administrativo/a	1.080 €/mes	1.080 €/mes
GRUPO III		
Persoal de Taller		
I Xefe/a de Trafico	1.260 €/mes	1.260 €/mes
II Xefe/a de Equipo-Quenda	1.260 €/mes	1.260 €/mes
III Controlador-Conductor/a de 1ª	1.080 €/mes	1.080 €/mes
IV Controlador-Conductor/a de 2ª	1.130 €/mes	1.130 €/mes
V Controlador-Conductor/a de 3ª	1.080 €/mes	1.080 €/mes
VI Estacionador de Vehículos	865 €/mes	865 €/mes

GRUPO I	2020	2021
Persoal Superior e Técnicos		
I Xefe de Servicios	1.625 €/mes	1.670 €/mes
II Enxeñeiros/as e Licenciados/as	1.505 €/mes	1.550 €/mes
II Peritos e Enxeñeiros/as Técnicos	1.405 €/mes	1.450 €/mes
III Diplomados/as e Graduados/as Sociais	1.405 €/mes	1.450 €/mes
GRUPO II		
Persoal Administrativo		
I Xefe/a Administración	1.305 €/mes	1.350 €/mes
II Administrativo/a	1.175 €/mes	1.220 €/mes
III Auxiliar Administrativo/a	1.125 €/mes	1.170 €/mes
GRUPO III		
Persoal de Taller		
I Xefe/a de Trafico	1.305 €/mes	1.350 €/mes;
II Xefe/a de Equipo-Quenda	1.305 €/mes	1.350 €/mes
III Controlador-Conductor/a de 1ª	1.225 €/mes	1.270 €/mes
IV Controlador-Conductor/a de 2ª	1.160 €/mes	1.190 €/mes
V Controlador-Conductor/a de 3ª	1.090 €/mes	1.100 €/mes
VI Estacionador de Vehículos	950 €/mes	995 €/mes



Martes, 6 de abril de 2021

Núm. 63

**CONVENIO CAR CONSULTING SPAIN, S.L.***Artículo 1 º.ÁMBITO DE APLICACIÓN*

El presente Convenio afecta a la Empresa Car Consulting Spain S.L., en el centro de trabajo que dicha Empresa tiene en la localidad de Vigo, la gestión y administración de valores representativos del patrimonio de todo tipo de entidades a través de la correspondiente organización de medios materiales y personales entendiéndose por esta última la que cubre la planificación, la organización, la gestión, la supervisión y la realización de las actividades de transporte de mercancías en la cadena de subministración.

*Artículo 2 º.DURACIÓN Y VIGENCIA*

Este Acuerdo tendrá una duración de seis años desde el 1 de enero de 2016 al 31 de diciembre de 2021, y los efectos económicos entrarán en vigor el 1 de enero de 2020 y se aplicarán desde el día de su firma.

La denuncia de este Convenio Colectivo será automática y las partes se comprometen a constituir la Comisión Negociadora durante el último trimestre del año 2021. Y se prorrogará en su totalidad hasta que sea sustituida por otra del mismo ámbito.

*Artículo 3 º.ÁMBITO PERSOAL*

Las presentes normas obligan a la totalidad del personal contratado por la Empresa en el centro de trabajo de la localidad de Vigo.

*Artículo 4 º.SUBROGACIÓN*

Primero.- Al término de la concesión del contrato que la Empresa ha celebrado con Gefco Francia y Gefco España SA, los trabajadores de la Empresa saliente, pasarán a estar adscritos a la nueva titular del contrato, el cual se subrogará en todos los derechos y obligaciones, siempre que ocurra alguno de los siguientes supuestos:

a) Trabajadores en activo que presten sus servicios en el centro o centros de trabajo que la Empresa tenga en la localidad de Vigo con una antigüedad mínima de los últimos cuatro meses, independientemente del tipo de contrato de trabajo.

